

***ARTIGO: TERRITORIO DE GRACIA DA “CAPELA DO ECCE
HOMO” DE RUBIÁN (BÓVEDA) (LUGO).***

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Doutor en Historia.

TERRITORIO DE GRACIA DA “CAPELA DO ECCE HOMO” DE RUBIÁN (BÓVEDA) (LUGO).

ECCE HOMO ("ESTE É O HOME"). É A TRADUCCIÓN QUE NA VULGATA LATINA DEUSE Á PASAXE DO EVANXEO DE XOÁN (19:5)

I. LOCALIZACIÓN DA CAPELA DO ECCE HOMO

COORDENADAS U.T.M.

X: 631.904

Y: 4.703.656

Dende unha óptica relixiosa este recinto sacro está situado na freguesía de Santiago de Rubián, anexa da de San Pedro Fiz de Rubián, municipio de Bóveda, arciprestado de O Incio, e diócese de Lugo. A nivel civil forma parte da entidade de poboación de Rubián, parroquia de Santiago de Rubián, partido xudicial de Monforte de Lemos, comarca da Terra de Lemos, e provincia de Lugo. Esta parroquia aparece nun documento da catedral de Lugo, que data do 17 de novembro de 1202, o que demostra a súa antigüidade¹. Esta, limita ao Norte coas parroquias de Remesar, Villarbuján e San Pedro Fiz de Rubián; ao Sur coa de Bóveda; ao Leste coas de San Pedro Fiz de Rubián e Tuimil; e a W., coa de Teilán. A capela está emprazada no “Campo da Feira”, coñecido tamén como “Campo do Muro”, no centro da entidade de poboación de Rubián, que posuía a 1 de Xaneiro do ano 2021 unha poboación de 273 habitantes². Por outra banda, a capital provincial lucense - distante uns 47 km. da capital municipal- está comunicada con este centro sacro por dúas estradas: a LU-546, antiga estrada que une Lugo con Monforte de Lemos; e, dende hai uns anos, o corredor CG-2.2, que realiza o mesmo percorrido, rodeando a localidade polo Leste.

II. PECULIARIDADES ARTÍSTICAS DA CAPELA

Esta capela foi construída no último tercio do século XVIII, segundo unha inscrición, que figura no dintel da parte norte e que di: “ ***ESTA CAPILLA HÍZOSE DE LIMOSNA SIENDO VICARIO DON DIEGO GVITIAN AÑO DE 1782***”. Consta dunha fachada, que amosa unha porta principal cun arco redondo, sobre a que hai unha pequena fornela; esta contén unha escultura pétreo do Eccehomo. Na parte superior, está o campanario

¹ RIELO CARBALLO, Nicanor.: “ Vocablo: RUBIÁN, Santiago de”, *en Gran Enciclopedia Gallega*, T. XXVII, Ed. Silverio Cañada. D.L.: VI. 415. 1974.



² Instituto Nacional de Estadística.

formado por unha torre cadrada con catro vans e unha ornamentación rococó. Os muros deste recinto sacro son de cachotería de pizarra ³. No obstante, a fornela; a torre; e as piastras son de granito. O seu interior presenta unha nave rectangular cun tellado de madeira – no interior- e de pizarra no exterior a dúas augas. A nave comunica cunha capela maior por medio dun arco de medio punto; esta posúe no seu exterior unha cuberta de pizarra a catro augas. Ademais, este recinto amosa unha capela lateral, que comunica coa nave central por medio dun arco granítico de medio punto. Tamén, dispón dunha sancristía na cabeceira, que mostra unha cuberta de pizarra a dúas augas. A nivel escultórico, conserva dúas imaxes do Eccehomo, unha do Santiago Peregrino, San Roque, Santa Rita, San Xose, Concepción, e unha imaxe pequena da Virxe de Fátima. Así mesmo, dispón dun estandarte da Inmaculada e dunha cruz de madeira coa efixie de Cristo ⁴.

³ Usouse este material, que procedía da zona de Quiroga (Lugo).

⁴ RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, T.V, páxs. 438-439.

III. MAPA DA LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA CAPELA DO ECCE HOMO DE RUBIÁN (BÓVEDA).



IV. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS DA CAPELA.

A confraría do Santo Ecce Homo foi incorporada a do Santísimo cando se aproban as súas constitución en Santiago de Rubián no ano 1778. Entre os gastos esenciais cómpre salientar a celebración de tres oficios litúrxicos, que se levaron a cabo nas festividades do Corpus; do Ecce Homo; e de San Xoán Nepomuceno. Ademais, nas contas desta nova confraría é mester ter en conta dous apartados: dunha banda a renda de dez ferrados do Santuario; e doutra a cota de trinta e un ferados, que deben aportar os confrades⁵,

No ano 1782 construíuse a capela do Ecce Homo coa esmola e donativos de fregueses da comunidade parroquial de Santiago de Rubián e doutras da contorna. A partir deste intre a confraría estivo presidida polo párroco da freguesía, que delegou algunhas tarefas nun mordomo ⁶ e nun depositario⁷. O mordomo era o encargado de recadar dos confrades a renda en especie, que aportaban a base de centeo e trigo preferentemente. No obstante, nalgún anos houbo tamén aportacións de castañas, liño e maíz. Esta renda era vendida polo mordomo, segundo o prezo de mercado, e figuraba no “ Libro de contas da capela” dun xeito individual ou colectivo. Algúns exemplos:

*** RENDA, A NIVEL INDIVIDUAL. ANO 1838.**

“En el presente año, el maiordomo José Somoza recogió la siguiente renta. De Xoán Fernandez Bole, 4 ferrados de centeno, que a 7 rs, ferrado, suponen un total de 28 rs. De Alonso Fernandez e Xosé Cabanas, 4 ferrados de centeno, que suponen 28 rs. De Xosé Somoza, 2 ferrados de centeno, 14 rs. De Xoán López do Campo, 3 ferrados de centeno, 21 rs. De Salvador Pérez, 1 ferrado de centeno, 7 rs. De Pedro Otero, 1 ferrado, 7 rs. De Xoán Nepomuceno Ermida e D. Manuel Illanes, 1 ferrado de trigo, 8 rs, e medio”.

*** RENDA, A NIVEL COLECTIVO. ANO 1850.**

“ En el presente año, el maiordomo Francisco de la Torre, recogió la siguiente renta. 15 ferrados y medio de centeno, a 5,50 rs., ferrado, suponen 85,8 rs. 1/2 ferrado de trigo, 4 rs. De catro libras e media de estrigas ⁸, 16,8 rs. De castañas e maíz, 50 rs”.

⁵ FRAGA VÁZQUEZ, Gonzalo.: O Arciprestado de Incio-Mao-Somoza. Vida Parroquial: S. XVII-XVIII, *en Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación, N° 45 (Vol.XXII)* .Lugo: Boblioteca del Seminario Diocesano de Lugo, 2012, páx.281.

⁶ Entre algúns mordomos da confraría podo citar aos seguintes: *Ano 1800, D. Javier Blanco. Ano 1804, D. Manuel Illanes. Ano 1807, D. Pedro López. Ano 1829, D. Benito Mourín. Ano 1838, D. José Somoza. Ano 1850, D. Francisco de la Torre.*

⁷ Entre os depositarios, podo resaltar a *D. Manuel Hermida*, que ocupou este cargo ao longo da primeira década do século XIX.

⁸ Porción de liño que se pón de cada vez na roca para fialo.

Da figura do mordomo temos constancia da súa existencia ata mediados do século XIX. Con todo, aínda que no *Libro de Contas da Capela do Eccehomo* non figura como tal é probable que seguise habendo unha persoa, chamada mordomo ou doutra maneira, que cumprise coas mesmas funcións. O depositario tiña como función recoller a esmola en metálico do Ecce Homo, que os devotos deixaban nos petos da capela ao longo do ano e fundamentalmente nos días da súa festividade ⁹. Tanto o mordomo como o depositario tiñan que comparecer no transcurso do ano diante do párroco para formalizar as súas contas; o mordomo ensináballe as rendas recadadas dos confrades; e o depositario, a esmola en metálico recollida na capela. A partir da segunda década do século XIX, o mordomo cumpre tamén as máis das veces coas función do depositario. “**Ano 1811, Vicente González, maiordomo e depositario. Ano 1813, Pedro González, maiordomo e depositario. Ano 1818, Pedro de Otero, maiordomo e depositario**” ¹⁰.

A partir do ano 1897 empregouse a peseta como moeda de uso. Ademais, seguiu habendo renda en especie, que se vendía polo seu prezo de feira ou de mercado, convertíndose deste xeito en pesetas. Así mesmo, comezou a ser habitual o alugar de hábitos por parte das devotas, que logo utilizaban acompañando á procesión. Tamén, ía ser usual o alugar “corpos de cera”, que ofrecían os devotos/as ao Ecce Homo, así como a esmola no intre de “poñer o Santo”. Por outra banda, dende mediados do século XX ¹¹ comezou a recollese por separado a esmola do ano e, logo, a esmola dos días 14,15 e 16 de Setembro, nos que se festexa ao Ecce Homo. Xa no último decenio deste século comezaron a utilizarse “os lampadarios”, tanto o eléctrico como o de acendido normal. Pois ben, todas estas tarefas é moi probable que as levase a cabo un fregués da parroquia, que recibía o nome de sancristán, e do que temos constancia a partir do ano 1952¹². (FOTO Nº 1)

Algúns exemplos: “**Ano 1897. Cajas o Petos de limosna.....25 ptas. Limosna por “besar el Santo”, días 14 e 15 de Septiembre.....32,35 ptas. Por alquilar cuatro hábitos.....15,80 ptas. Por cabeza y pecho de cera....4,50 ptas. Por centeno....4,90 ptas. Castañas....4 ptas.**” . “**Año 1960. Limosna anual....966,20 ptas. Limosna, día 14....214 ptas. Limosna, día 15....426, 99 ptas. Limosna, día 16....129,95 ptas. Alquilar hábitos....240 ptas. Cera. Figuras de**

⁹ A festividade do Ecce Homo celebrouse os días 14,15 e 16 de Setembro.

¹⁰ Libro de Cuentas de la Capilla del Ecce Homo. 1798-1912.

¹¹ Probablemente xa denantes, mais por carecer de datos entre os anos 1912 e 1952 non podemos atestigualo.

¹² No obstante, é moi probable, que o sancristán existise denantes, xa que, como dixemos, non temos datos no Libro de Contas da Capela dende o ano 1912 ao 1952

cera.....394.”. “Año 1990. De limosnas y ofertas hábitos.....43000 ptas. Do lampadario eléctrico.....26000 ptas. De exvotos de cera e o recollido en bandexas.....42000 ptas”

A partir do ano 2002 empezou a introducirse o Euro como moeda de uso. Neste ano introduciuse como ofrenda “os velóns vermellos”, e os devotos/as seguían alugando hábitos, figuras de cera; usando os lampadarios e os petos de esmola, tanto o exterior como os interiores.

Exemplos. *“Año 2012. Lampadario todo el año.....180 Euros. Peto exterior empotrado....190 Euros. Hábitos procesión.....150 Euros. Exvotos de cera....480 Euros. Limosna los tres días de fiesta....290. Velóns todo el año....90 Euros.”*

Os ingresos obtidos pola capela foron investidos de catro xeitos:

1º. NALGÚNS CULTOS LITÚRXCOS.

Dende finais do século XVIII comezaron a oficiarse dúas misas : unha dedicada ao Ecce Homo; e a outra pola fundación da confraría. Námbalas dúas participaron ata os anos corenta do século XIX seis cregos; estes cobraron unha remuneración económica, que ía variando a medida que transcorrían os anos.

“Año 1829. Seis sacerdotes, dos misas, la de fundación y la del Santo.....52 reales.” . “Año 1811. Seis sacerdotes, misa del Santo.....36 rs. Misa de fundación....10 rs.”

A partir de mediados do século XIX e ata finais da segunda década do século XX concelebráronse dúas misas cantadas os días 14 e 15 de Setembro. Nelas participaron de seis a oito cregos, que cobraron un estipendio variable segundo o ano de celebración.

“Año 1875. Siete sacerdotes, misas solemnes días 14 y 15.....108 rs.”. “Año 1901. Siete sacerdotes, funciones solemnes días 14 y 15....40 ptas.”

Dende mediados dos anos cincuenta e ata os anos 65 do século pasado, cinco cregos ou seis, oficiaron as misas rezadas do día 14 de Setembro; e seis cregos concelebraron as misas solemnes dos días 15 e 16 do mesmo mes, e as rezadas dámbolos dous días.

“Año 1952. 14 de Septiembre. 5 sacerdotes.....5 misas rezadasTotal.... 125 ptas. 15 de Septiembre. 6 sacerdotes, misa solemne y seis rezadas....Total.... 240 ptas. 16 de Septiembre. 6 sacerdotes, misa solemne y seis rezadas.....Total....240 ptas” . Año 1963. 14 de Septiembre. 6 sacerdotes, misa rezada. Total: 300 ptas. 15 de Septiembre. 6 sacerdotes, misa solemne y rezada. Total: 480 ptas. 16 de Septiembre. 6 sacerdotes, misa solemne y rezada. Total: 480 ptas”.

Dende o ano 1966 e ata o ano 1982 non se usa o Libro de Contas da Capela do Ecce Homo, que comezou de novo a utilizarse no ano 1983 co crego Vicente Goyanes. A partir desta data vaise a pagar non só o estipendio das misas senón tamén a manutención dos cregos asistentes aos oficios relixiosos.

“Ano 1992. 9 sacerdotes.....51000 ptas. Manutención.....38000 ptas.” “Ano 2006. Misas tres días.....240 Euros. Comidas.....380 Euros.”

Nalgunhas misas solemnes, celebradas neste Santuario, interveu un predicador no día principal da festividade – o 15 de Setembro- recibindo unha remuneración pola súa participación. Os predicadores normalmente eran “país beneditinos” ou “mercedarios”, aínda que algúns anos tamén viñeron coengos e cregos das catedrais de Lugo e Mondoñedo.

“Ano 1868. Antonio Fernández, director del Colegio de Mondoñedo....120 rs”. “Ano 1953. Sermón. P. Benedictino.....125 ptas.”. “Ano 1961. Sermón P. Mercedario.....150 ptas”. “Ano 2006. Predicador.....100 euros.”

2º. EN MERCADURÍAS LIGADAS CO CULTO DA CAPELA.

Ao longo dos anos houbo que mercar diferentes obxectos e teas, que eran indispensables para o bo funcionamento das actividades litúrxicas da capela. Así podo facer alusión ás seguintes: os manteis e panos para o altar; a vestimenta do crego, na que había que salientar o amito¹³, a alba¹⁴, a casula¹⁵, o terno¹⁶, o roquete¹⁷ etc.; os petos das esmolos; algún crucifixo e os candeeiros para o altar; algunhas imaxes de devoción ¹⁸; o púlpito; a cera para os días de festividade; os cirios eléctricos; os confesionarios; a feitura dos hábitos; e as figuras de cera e velóns, que facilitaban a ofrenda aos devotos. **(FOTO Nº2)**

“ Ano 1807. Se compró un terno de gala para el maior culto y decencia de dicho Santuario. Lo compró D. Tomás de Gamba en la Universidad de Santiago por 2000 rs”.

¹³ O amito é unha prenda que ten como finalidade cubrir o pescozo e as costas do crego nas celebracións relixiosas. Colócase baixo a alba.

¹⁴ Prenda longa de liño branco que é usada polo crego en diferentes celebracións relixiosas.

¹⁵ Vestimenta litúrxica que pon o crego sobre as outras vestiduras para oficiar a misa.

¹⁶ Conxunto do oficiante e os seus dos ministros, diácono e subdiácono, que ofician unha misa. Leva unha relevante ornamentación.

¹⁷ É unha vestimenta eclesiástica de liño semellante ao alba. No obstante, é máis curta e lévase sen cinguir ao corpo.

¹⁸ O Sagrado Corazón de Xesús; unha imaxe pequena da Virxe de Fátima; unha imaxe do Neno Xesús; e unha imaxe do Eccehomo. Estas foron adquiridas cos donativos dalgúns fregueses da comunidade. Logo, no ano 1961 mercáronse as imaxes do San Xosé e o San Anton por 100 ptas.

“Ano 1809. *Hechura de una alba....95 rs. Caja para pedir limosna....26 rs.*” “Ano 1810. *3 libras de cera para el día festivo del Santo. Siete baras de lienzo para manteles de los altares....64 rs. Un confesionario portátil....42 rs.*” “Ano 1813. *Alba con su amito....144 rs.*” “Ano 1850. *Cuatro candelabros para el altar maior....30 rs.*” “Anos 1952-1956. *Un crucifijo para el altar maior....48 ptas. Un púlpito....600 ptas. Petitorio de mármol empotrado en la fachada....55 ptas. Un kilo de cera....45 ptas. Pila de mármol para el agua bendita....20 ptas.*” “Ano 1960. *6 cirios eléctricos....216 ptas. Un roquete....245 ptas.*” “Ano 1990. *Compra seis hábitos y hechura....21000 ptas. Figuras de cera y velas....4200 ptas.*” “Ano 2007. *Siete cajas de velones....97 euros. Figuras de cera....90 euros.*” “Ano 2011. *Cera, velones y figuras de cera”....730 euros*”

3º. EN ARRANXOS RELACIONADOS CO EXTERIOR E INTERIOR DA CAPELA.

Trátase de reparar o presbiterio; a sancristía; retellar a capela; arranxar a plataforma do altar maior; revocar a fachada da capela; dar cal ao recinto sacro; pintar as portas e as ventás; poñer cristais; pagar os xornais dos albaneis e carpinteiros etc.

“Ano 1805. *Pinturas de las puertas y ventanas; tablas para cubrir los altares; cuatro cristales para las ventanas; jornales de los albañiles....498 rs.*” “Ano 1850. *50 arrobas¹⁹ de cal para dar de blanco a la capilla....125 rs.*” “Ano 1953. *Arranxo do presbiterio con cinco sacos de cemento, ladrillo (200- donados por Benito Cruz), jornales albañiles....320 ptas. Retejar la capilla....50 ptas. Madera y trabajo para la plataforma del altar maior....65 ptas.*” “Ano 1956. *Se arregló una parte de la sacristía realizando parte de la misma por estar agrietada. Se aseguró el segundo cuerpo de ladrillo con garfios de hierro y una viga de cemento armado. No obstante, estas reparaciones fueron continuadas en el año 1983 por el nuevo sacerdote Vicente Goyanes.*” “Ano 1960. *Revocar fachada de la capilla....583,63 ptas.*”

Hai anos nos que, segundo o Libro de Contas da Capela, hai que pagar os gastos de luz eléctrica.

“Ano 1961. *Gastos de luz eléctrica....317,90 ptas.*” “Ano 1990. *Fenosa (luz). Atrasos y año susodicho....24448 ptas.*” “Ano 1992. *Fenosa (luz)....7387 ptas. Lixo y agua....9000 ptas.*”

A partir do ano 1992 non figura no Libro de Contas ningún gasto de luz o que nos indica que é probable, que se levase a cabo doutro xeito.

¹⁹ Peso equivalente a 11 kg., e 502 gramos.

4º. NA FESTA PROFANA.

Dende o ano 1819 e ata o ano 1910²⁰ unha parte dos ingresos da capela foron destinados á dimensión profana do Santuario, e máis concretamente aos dous elementos básicos da mesma: a música e os foguetes. Ademais, algúns anos houbo tamén unha atracción pirotécnica: as rodas. Esta consistía en poñerlle pólvora ao perímetro das diferentes rodas; logo, prendíanse as mechas e ao estalar, as rodas comezaban a xirar sobre si mesmas. “Ano 1819. *Cohetes*....220 rs. *Músicos*....30 rs.”. Ás veces, únicamente había cartos para os músicos. “Ano 1850. *Músicos*....34 rs.”. Outras, só para os cohetes. “Ano 1868. *Cohetes*.....300 rs.”. Tamén había anos que adoitaba figurar o número de músicos, que viñan. “Ano 1870. *Cohetes*....332 rs. *Músicos (7)*....60 rs.” Os músicos soían estar os dous días de festa. “Ano 1886. *Músicos (8). 2 días*....130 rs.”. Ademais, algunhas veces tamén se indicaba a que banda de música pertencían. “Ano 1895. *Música. Banda de Samos*....220 rs.”. Así mesmo, algúns anos adoitaba indicarse o nome do pirotécnico. “Ano 1896. *Fuegos, ruedas*....280 rs. *Pirotécnico. José Álvarez de Monfortre. Banda de Música de Samos*....220 rs.”. Dende o ano 1912 ao 1952 non temos datos do sucedido²¹. E a partir do ano 1952 non hai datos ata os anos 1990 e 1996 nos que se fala da festa dun xeito moi xenérico. “Ano 1990. *Gastos de tres días de fiesta*....34600 ptas”. “Ano 1996. *Gastos de cuatro días de fiesta*....103400 ptas.”. E moi probable que estes gastos fixesen referencia aos actos relixiosos e profanos. (FOTO Nº3).

V. A PIEDADE POPULAR NA CAPELA DO ECCE HOMO.

Para o teólogo *Luís Maldonado* a relixiosidade popular que él prefere darlle o nome de “catolicismo popular” é a síntese dun cristianismo establecido nas poboacións rurais de Europa logo de introducirse nas súas creencias, é dicir, na súa relixiosidade telúrica e no seu estilo de vida agrocultural²². Pola súa banda, o antropólogo *W.A. Christian* evita o uso da expresión “relixión popular” xa que o termo “popular” rematou por connotar o sentido de rural por oposición a urbano; primitivo por oposición a civilizado; tradicional por oposición a moderno...Isto motiva que sexa partidario de falar de relixiosidade local, xa que os costumes relixiosos coas súas semellanzas e diferencias teñen en común á vinculación a un lugar concreto e a un

²⁰ Libro de Cuentas de la Capilla del Ecce Homo. 1798. 1912.

²¹ Segundo o Libro de Cuentas de la Capilla del Ecce Homo do ano 1952. T.II. non hai datos dende o ano 1912 ata o ano 1952.

²² MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, nº 206, 1986, páxs.9-18.

orixe histórico ²³. Finalmente, os antropólogos *Gurutze Arregui e Ander Manterola* manifestan que a relixiosidade popular é unha das manifestacións da cultura dunha comunidade, que ten como ámbito de estudio o conxunto de crenzas e rituais froito da actividade simbólica dun grupo humano e que o propio grupo humano caracterizou como sagrados e relixiosos ²⁴.

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Para comprendela cómpre ter en conta o pasado, o que na actualidade lle rodea, os trazos do lugar, o estilo das persoas, como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións da relixiosidade popular radica nos santuarios.

O santuario é un espacio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A él acoden fregueses da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro. *“El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local”* ²⁵. Cando os romeiros non pertencen á parroquia, o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada no caso que nos ocupa polo Ecce Homo. Estes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar ; obter boas colleitas; rogo polos recién nados...) e, algunhas -ás menos- de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requeridas. *“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”* ²⁶.

²³ CHRISTIAN JR, William A.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991, pax. 11.

²⁴ ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). Diccionario temático de Antropología. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532

²⁵ CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, páx.6

²⁶ PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx.227

1. A FESTIVIDADE E PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

A festividade do Ecce Homo conmemórase os días 14, 15 e 16 do mes de Setembro ²⁷. Aínda que o verdadeiro día da festividade é o 14, considerase dende hai varios anos o 15 para que non coincida co día da feira da vila, que sempre se realiza todos os 14 de cada mes. Logo, o 16 é considerado como o día local, no que soen participar un bo número de persoas da localidade. Nestes días acoden devotos non só do municipio de Bóveda senón tamén doutros municipios como A Pobra de Brollón, Láncara, Lugo, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, Samos, Sarria. Antano, familias e grupos de amigos adoitaban participar nas comidas campestres, que se realizaban no “Campo da Festa” e no espazo que hoxe ocupa a estrada, que une Lugo con Monforte. Mesmo os veciños da vila eran moi hospitalarios xa que ofrecían aos devotos, que viñan doutros concellos, as súas casas para pernoctar²⁸. Co paso dos anos a romaxe campestre foi decaendo paseniño. De tal xeito, que na actualidade, os devotos e fieis retornan aos seus puntos de orixe, logo de realizar os rituais e ofrendas establecidos entre éstos e a imaxe sagrada. No obstante, hoxe a capela tamén é visitada por devotos/as fora do periodo das festas de setembro.

2. OS PEDIMENTOS E AS PROMESAS.

Os devotos/as soen vir ofrecidos por diferentes doenzas de índole reumática e articular; e por outros problemas, que perturban o espírito da persoa. Ademais, ás veces tamén acoden ofrecidos por outros fieis, que non poden acudir por causas de índole físico preferentemente; ou tamén, aproveitan a ocasión para realizar unha ofrenda por algúns familiares e amigos. Este era “un rol”, que asumían case sempre as mulleres. *“Muitos cumprían promesas por outros familiares, correspondendo dun xeito preferente ás mulleres este “rol”, xa que tenden a manifestar actitudes e comportamentos máis orientados para os outros. Son máis altruistas.”*²⁹. (FOTO Nº 4).

No que atinxe a promesa esta pode consistir nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio da advocación cristolóxica do Ecce Homo. *“Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da*

²⁷ O día 13 de Setembro, véspera da festividade, adoita celebrarse no “Campo da festa” unha pancetada; unha queimada e máis unha verbena.

²⁸ CONDE, Luís.. Diario *“A Voz de Galicia”*. Ano 2013.

²⁹ PINTO, José e VIEIRA, Sandra.: *A festa de San Bento do Cando. Memoria de uma devoção serrana em terras de Soajo e Gavieira. Arcos de Valdevez (Portugal)*. Municipio de Arcos de Valdevez, 2017.

*Virxe...*³⁰. No obstante, tanto os santos como calquer advocación cristolóxica ou mariana non sempre actúan como intermediarios ante Deus, como o define a igrexa, senón que teñen un poder inherente ao seu ser . “*O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios*”³¹.

Neste santuario cómpre facer alusión inicialmente a unha dobre interacción entre os devotos e a advocación cristolóxica: así, o máis habitual é que a promesa sexa « a posteriori», é dicir , a entidade sacra outorga a petición ao devoto e, logo, este executa a promesa. Esta modalidade recibe tamén o nome de «*ofrenda condicionada*»³² . No obstante, hai devotos que levan a cabo unha serie de rituais e ofrendas no intre de pregar a mediación do ente sacro ante un problema determinado; trátase dun cumprimento «a priori», xa que os diferentes rituais e ofrendas teñen lugar denantes de que sexa concedida a petición. Esta forma de relación recibe o nome de « *devoción peticionaria*»³³ . Finalmente, hai devotos que van seguer mantendo unha ligazón co ente sacro debido a que van acudir todos os anos ao santuario en gratitude ao don concedido. Sería, polo tanto, unha ofrenda de acción de grazas.

As promesas máis usuais, que se realizan neste santuario, están ligadas ao cumprimento de diferentes rituais e ofrendas. Os devotos realizan unha serie de rituais, xa que están convencidos da súa eficacia e de que é posible relacionar a súa acción a un sentido valioso para a súa vida persoal. Os diferentes rituais teñen un carácter colectivo ou individual, segundo o grao de participación dos devotos. Tamén poden pertencer a unha liturxia de carácter oficialista ou popular.

³⁰ MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, *Rev. Encrucillada*, n° 9, Vigo, 1978, páx. 64.

³¹ LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, n° 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

³² GONDAR PORTASANY, , Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros* , Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153

³³ WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr .: *Religiosidad popular . Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134

2.1. RITUAIS COLECTIVOS PROPIOS DUNHA LITURXIA OFICIALISTA

2.1.1. AS MISAS.

O día 14 algúns cregos da bisbarra axudaron ao párroco³⁴ da vila a oficiar misas rezadas dende as nove ou dez da mañá ata primeiras horas da tarde. O día 15, considerado dende hai anos como o día principal da festividade, ademais das misas rezadas celébrase ás 13 horas unha misa solemne, que foi concelebrada por varios cregos da bisbarra; esta case sempre foi presidida por un un crego ou coengo, de relevante formación eclesiástica, que era invitado para este menester e, tamén, para impartir a homilía³⁵. O día 16 sempre foi considerado como local, de tal xeito que os asistentes aos oficios relixiosos, coincidentes cos do día anterior, adoitan ser fregueses da localidade. **(FOTO Nº 5)**

2.1.2. A PROCESIÓN.

Ao rematar a misa solemne saiu a procesión, que percorreu unha boa parte da estrada Lugo-Monforte ao seu paso por Rubián, continuando por algunha praza e rúas da localidade para retornar á capela. Nela interviron os seguintes elementos, dispostos do seguinte xeito: Un estandante da Inmaculada Conceución, que foi portada por un fregués da parroquia. Unha cruz de madeira coa efixie de Cristo no anverso, que foi levada por un membro da familia Armesto. Unha imaxe de San Roque, que foi portada nas andas por catro rapaces da vila. Unha imaxe de Santa Rita, que foi levada nas andas por catro mozas da comunidade. Unha imaxe da Conceución, que foi portada nas andas por catro devotas da localidade. Unhas imaxes do San Antón, do Xesús Nazareno, do Santiago peregrino, e dúas do Ecce Homo, que foron levadas nas andas por catro devotos e confrades do Ecce Homo³⁶. Entre as dúas imaxes do Ecce Homo: un vestido cunha capa e atado cuns cordeis; e outro, atado a columna da flaxelación, vai un varal de madeira cuns parafusos, dos que van penduradas figuras de cera ofrecidas por devotos/as; este, tamén foi portado nas andas por catro fregueses da comunidade. ***“A imaxe do Ecce Homo vai acompañada de figuras de cera, que simbolizan as distintas partes do corpo humano. Os devotos que acuden a este oficio lo hacen para pedirle a los santos curación a sus males. Por ejemplo, si tienen un problema***

³⁴ Ao longo da historia da capela podemos sinalar a unha serie de párrocos, que exerceron o seu ministerio na mesma. Así, distinguirmos a Andrés Díaz Guitián; Manuel Rodríguez Conde; Domingo López; Pedro Pablo Pérez; Joaquín López Campo; Jesús Veigas; José Luís Saez; Vicente Goyanes.

³⁵ Moitos aínda a consideran como “o sermón da festa”.

³⁶ A Confraría, segundo Vicente Goyanes -párroco de Rubián- foi decaendo ostensiblemente nos últimos anos debido a que ninguén fregués quere facerse cargo da mesma.

*en el brazo, se representa esta extremidad, y así con el resto de miembros*³⁷. Logo da imaxe principal do Ecce Homo³⁸ ían algunhas devotas vestidas cun hábito morado³⁹; algunhas, descalzas. Estas ían mesturadas cos cregos concelebrantes e outros devotos/as.

A procesión é un ritual relixioso que ten como finalidade expresar pública e colectivamente un culto, un diálogo coa divindade correspondente. Utiliza normalmente un espacio fora do templo que pasa a ser un soporte para esa hierofanía, para esa manifestación relixiosa. Polo tanto, ás rúas, as prazas, e calquera espacio de acollida do ritual recibe unha reinterpretación con posibilidade de valores de sacralidade. Deste xeito, as imaxes, que saen na procesión, santifican o espacio que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todos os seres, tanto persoas como animais, que se encontran en dito espacio. *“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”*⁴⁰. Polo tanto, un dos obxectivos básicos da procesión é que a imaxe de devoción saía temporalmente do seu espazo sagrado para renovar e potenciar a súa acción protectora e purificadora de cara ao exterior. Deste xeito a imaxe acadaba plenitude da súa funcionalidade. Non resulta estraño que este ritual sexa considerado como “grandioso”, “solemne”, “maxestuoso” e de “gala”⁴¹. (FOTO Nº 6).

2.2. RITUAIS INDIVIDUAIS PROPIOS DUNHA LITURXIA POPULAR

2.2.1. O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO.

Hai anos bastantes devotos acudían ao santuario andando desde o seu lugar de orixe, como sacrificio previo antes de entrar en contacto co sagrado. Na actualidade, aínda que a maioría fan a viaxe en coches particulares, segue habendo pervivencias deste ritual. Así pódese apreciar como hai devotos/as, que aínda veñen caminando dende entidades de poboación distantes máis de 10 km. do santuario. No catolicismo popular todas as accións baseadas na mortificación e na penitencia adquiren unha maior probabilidade de acadar o pedimento e tamén de agradecer algo. *“O romeiro mortifica o corpo em detrimento*

³⁷ CONDE, Luís. Diario “A Voz de Galicia”. Ano 2004. Información de María Jesús Ojea.

³⁸ Trátase daquela na que Cristo está atado á columna da flaxelación.

³⁹ Tradicionais túnicas de cor púrpura, que chegan ata os nocellos

⁴⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 175.

⁴¹ LADRA, Lois.: *Religiosidade Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portugal): Ed. Gremio Literario Vila- Realenses. Cámara Municipal de Vila Real. Caderno Cultural nº24, IV Serie, 2021.páx. 73,

de un ben maior. Mortifica-se para obter alguma graça ou agradecer uma graça alcançada por intermedio da Senhora da Peneda...”⁴².

2.2.2. RITUAL DE “POÑER O SANTO”

O párroco ou un dos cregos asistentes aos diferentes oficios relixiosos dan a bicar unha imaxe pequena do Ecce Homo a aqueles devotos, que o requiren. Estes adoitan deixar unha esmola nunha bandexa, situada ao carón do poñente, que non soe recitar ningunha xaculatoria mentres realiza o ritual. **(FOTO Nº 7)**

2.3. AS OFRENDAS.

Están ligadas - ao igual que as prácticas rituais, que acabamos de ver- ao pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devotos/as a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor acadado. Polo tanto, é común que se depositen diferentes ofrendas no transcurso da festividade.

*** AS MISAS.**

Os devotos /as sufragan misas na honra do Ecce Homo, que serán oficiadas ao longo do ano. Esta ofrenda é anotada nun libro polo párroco ou un fregués da parroquia. No ano 1994, cada misa tiña un prezo de cincocentas ptas. No ano 2011, sete euros, ata chegar aos nove e dez euros dos últimos anos.

*** A OFRENDA EN METÁLICO.**

Trátase dunha ofrenda, que se está facendo moi usual en case todos os santuarios desta provincia. Lévese a cabo dos seguintes xeitos:.

1º. Os devotos, logo de “poñer o santo” adoitan deixar unha esmola nunha bandexa ou nunha boeta, que se encontre situada ao carón do poñente, que soe ser o párroco ou un dos cregos asistentes aos oficios relixiosos.

2º. Un sancristán ou un fregués/a da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou petitorio a esmola dos devotos/as, que asisten ás misas que se ofician durante a festividade do Ecce Homo.

⁴² PINTO, José:” Rituais Constitutivos da Romaría da Senhora da Peneda. Contributo para o seu estudo”, *en Gega*. Terra de Valdevez. Boletín Cultural. Municipio de Arcos de Valdevez, páxs. 193-132.

3º. Nos petos que se encontran no interior do santuario e, tamén, no peto exterior de mármore, que foi colocado no ano 1953 e custou 55 ptas.

*** OS HÁBITOS.**

Hai devotas que alugan habitos morados⁴³ para acompañar ao Ecce Homo na procesión. Segundo *Vicente Goyanes*, párroco de Rubiám, esta é una penitencia que fan colocando o hábito por riba dunha mortalla⁴⁴. *No ano 1994*, cada devota pagou polo aluguer do hábito cincocentas ptas. *No ano 2011*, pagou seis euros. Nalgúns anos do presente século as devotas alugaron hábitos pola seguinte cantidade de dinero. *No ano 2002*, 30 Euros en Hábitos. *No 2006*, 100 Euros en Hábitos e donativos. *No 2007*, 350 Euros en Hábitos e donativos. *No 2009*, 200 Euros en Hábitos e donativos. *No 2012*, 150 Euros en Hábitos procesión. *No 2013*, 100 Euros en Hábitos ⁴⁵.

*** OS VELÓNS.**

Trátase dunha ofrenda moi usual en bastantes santuarios. Neste, os fieis adoitan ofrecer “velóns” de cor vermello, que deixan acesos nun lampadario, situado na parte exterior da parede lateral esquerda e moi preto da porta de acceso ao santuario. O seu prezo era dun euro no ano 2011. Na actualidade, pode chegar ata o euro e medio, xa que as oscilacións neste produto son mínimas. Ademais, tamén hai algún lampadario metálico con veliñas no seu interior, que son acesas polos devotos/as. Estes, nalgúns anos do presente século, doaron a seguinte cantidade de diñeiro tanto en velóns como en veliñas, colocadas ambas as dúas nun lampadario. *No ano 2002*, 60 Euros en Velóns. *No 2003*, 186 Euros en Velóns vermellos. *No 2007*, 230 Euros en Lampadarios. *No 2012*, 180 Euros en Lampadarios todo o ano; 90 Euros en Velóns todo o ano ⁴⁶. **(FOTO Nº 8)**

*** OS EXVOTOS DE CERA.**

Son obxectos artesanais, que simbolizan a una serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como ao corpo humano e algunhas das súas partes: brazos, mans, pernas, pés... Estas figuras eran levadas ao santuario polos devotos en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que as entidades sacras exerceron na cura de diferentes doenzas humanas ou animais. En todos os exvotos repítense tres elementos

⁴³ Tradicionais túnicas de cor púrpura, que chegan ata os nocellos.

⁴⁴ CONDE, Luís.: *Diario “A Voz de Galicia”*. Ano 2012.

⁴⁵ Libro de Cuentas de la Capilla del Divino Ecce Homo de Rubián. T. II. 1952.

⁴⁶ “

básicos: A promesa dun don a unha entidade sagrada pola consecución dun beneficio. O convencimento propio do individuo cando a entidade satisfizo a súa petición; e, finalmente, o don prometido polo ofrendante facendo constar públicamente que cumpriu a súa promesa. Ademais, os exvotos deben amosar unha serie de trazos que os posibilitan como tal; así deben gardar unha relación coa persoa que recibiu o favor e o suceso que o motiva; e, tamén, unha maior ou menor perdurabilidade no tempo. Nos templos da Grecia e da Roma antiga se se usaban estes exvotos, aínda que de materiais diversos, como ouro, prata, madeira, mármore, chumbo e arxila, dependendo do nivel económico do ofrendante. Xa denantes, na cultura ibera no sudeste da Península Ibérica, se usaban exvotos de barro cocido e de bronce; na cultura etrusca, desde finais do século VI. a.d.C e ata o III a.de C., tamén de terracota, representando parte do corpo humano ...e tamén animais⁴⁷.

Neste santuario, un bo número de devotos/as mercaban na sancristía exvotos de cera⁴⁸, das partes doentes, que foron sandadas pola entidade sacra e, logo, llos ofrecían como signo de gratitude polo don recibido. Tamén, había devotos/as, que adquirían figuras de cera, simbolizando as súas partes doentes, e pregaban ao ente sacro, que lles curase as enfermidades. En ambos os dous casos colocaban os exvotos de cera ben cubrindo a imaxe do Ecce Homo⁴⁹ ou nun varal de madeira⁵⁰, que ía entre as imaxes dos dous Ecce Homo. *“La procesión salió a las dos menos cuarto de la capilla local, en la que se había celebrado una misa que fue seguida por numeroso público dentro y fuera del templo. Al lado de las imágenes de los santos, una de ellas cubierta por decenas de exvotos, desfilaron varias mujeres descalzas y cubiertas con capas color púrpura”*⁵¹. *“ Varios cofrades portan las imágenes de todos los santos del templo. La del Ecce Homo va acompañada de objetos de cera, que representan las distintas partes del cuerpo humano ”*⁵². Polo tanto, sabemos que a imaxe do Ecce Homo, atado a columna da flaxelación, ía cuberta de figuras de cera ata o ano 2002. Pola contra, a partir do ano 2004 a devandita imaxe xa vai acompañada dun novo elemento, que chamamos “varal de madeira”, que leva unha serie de parafusos; estes

⁴⁷ FUENTES ALENDE, Xosé.: Os Exvotos na Relixiosidade Popular Galega. A súa dimensión patrimonial. Santiago de Compostela: Ed. Andavira, 2019, páx. 23.

⁴⁸ No ano 1994 tiñan un prezo de trescentas ptas e, logo, no 2011 valían tres euros. . No obstante, na actualidade a oscilación foi mínima.

⁴⁹ Isto levouse a cabo ata o ano 2002.

⁵⁰ A partir do ano 2004 comezou a utilizarse “un varal de madeira” con algúns parafusos, onde penduraban os exvotos de cera, que representaban a diferentes partes do corpo humano, como mans, pernas, brazos, cabezas, etc.

⁵¹ Diario *“A Voz de Galicia”*. 15-9-2002.

⁵² “ “ “ “ “ “ Ano 2004.

teñen a finalidade de que os devotos/as poidan pendurar deles diferentes figuras de cera unidas por fios. Estes gastaron en exvotos de cera durante o século actual o seguinte. **No ano 2002**, 250 Euros. **No 2003**, 260 Euros; **No 2006**, 220 Euros; **No 2007**, 270 Euros; **No 2009**, 350 Euros; **No 2012**, 480 Euros; **No 2013**, 400 Euros⁵³. (FOTO Nº 9).

Ao rematar os oficios relixiosos, un bo número de persoas participaron dun tempo de lecer, que tiña lugar nun campo, situado preto do santuario. Alí, xa o día 13 pola noite, realizábase unha churrascada e pancetada; e, logo, case sempre un dúo musical amenizaba o resto da noite. Nos días seguintes,- 14,15 e 16- un grupo musical e dúas orquestras seguiron amenizando as sesións vermut e as verbenas, nas que se reflectía a mestura do grupo parroquial co foráneo. Ademais, participaron algunhas charangas musicais como- Madia Leva, de Sarria- o grupo de gaitas de Bóveda; e algúns anos as bandas musicais de Paradela e Samos. En canto ao custo da dimensión profana sabemos que nos séculos XIX e parte do XX⁵⁴ foi pagada coas rendas en especie e metálico, que recibía o santuario dos confrades do Ecce Homo; e, tamén, coa esmola, que se recollía na capela os días da festividade do Ecce Homo.

“Ano 1819. Cohetes....220 rs. Músicos.... 30 rs.”. “Ano 1870. Cohetes....332 rs. Músicos (7)....60rs.”. “Ano 1910. Cohetes....85 pesetas. Música....55 pesetas”

Ademais no último decenio do século XX⁵⁵ a capela tamén pagou os gastos da festividade relixiosa e deu unha aportación para os actos profanos.

“Ano de 1990. Gastos de tres días de fiesta.....34.600 pesetas.” “Ano de 1996. Gastos de cuatro días de fiesta....103.400 pesetas.”

A finais do século pasado e principios do actual comezan a consolidarse “as comisións de festas”, formadas por homes e mulleres da localidade coa finalidade de organizar as festas do Ecce Homo⁵⁶. Estas procuran fixar “a priori” un presuposto, que teñen que acadar das aportacións dos

⁵³ A partir do ano 2013 xa non figuran máis datos no Libro de Contas da Capela do Divino Ecce Homo de Rubián. T.II. 1952.

⁵⁴ *Libro de Cuentas de la Capilla del Ecce Homo. 1798-1912.*

⁵⁵ *Libro de Cuentas de la Capilla del Divino Ecce Homo de Rubián. T.II. 1952..*

⁵⁶ **ANO 2004.** Comisión formada por M^a Jesús Ojea, Camilo Armesto. Gesto, José Ant^o González. Presuposto: 24000 Euros. **ANO 2006.** Comisión integrada por Aurora Fernández, Marisa Armesto, Ángeles Guitián, Esther. Presuposto:16600 Euros. **ANO 2007.** Comisión formada por Manuel, David, Carlos, Sito. Presuposto:32000 Euros. **ANO 2011.** Comisión integrada por Nuria Rodríguez, Támara López, Cesar Arias, Humberto Arias, Dioinisio Blanco. Presuposto: 25000 Euros. **ANO 2012.** Misma comisión que no ano 2011. Presuposto: 29000 Euros. **ANO 2019.** Comisión de urxencia, creada nos últimos días, e formada por varios integrantes da familia Arias, como os irmáns Humberto e Cesar, que contaron coa colaboración dalgúns veciños e familiares da parroquia. Presuposto: 18000 Euros. . Diario “A Voz de Galicia. Anos. 2004.2006.2007.2011.2012.2019

veciños desta parroquia e doutras limítrofes; dos carruseis que se instalen no “Campo da Festa”; da lotería do Nadal, que ponen en venda; dos sorteos, que poidan facer ao longo do ano... Co diñeiro recadado contratan os foguetes, as orquestras, as charangas musicais, os grupos de gaitas etc.⁵⁷. A dimensión profana, presenta un elemento de cohesión e comunicación do grupo social; tamén, constitúe un xeito de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no que se tolera a ruptura das normas e regras que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade. O baile, o canto e maila música, desencadenan emocións; a bebida e a comida facilitan a comunicación. Estes trazos lévanos a apreciar como en toda festa hai un tránsito do cotío a situacións onde poden ter lugar a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes.

Por outra banda con respecto ao Ecce Homo, podemos sinalar que na provincia lucense hai outros espazos sacros, que funcionan como Santuarios. Así, podemos salientar os Santuarios de Arcos (Outeiro de Rei); o de Cadoalla (Becerreá); o da vila de Palas de Rei; o do Curro Vello (Guitiriz); o de Sambreixo (Palas de Rei); o da Capela da Misericordia (Viveiro).

⁵⁷ Tanto no presuposto como na recadación a comisión de festas adoita ter en conta as experiencias doutras anteriores.

VI. BIBLIOGRAFÍA.

ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). Diccionario temático de Antropología. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses*. Lugo: Deputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Santuarios da Terra Chá*, Vilalba (LUGO): I.E.S.CH.A. 2018.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, páx.6

CONDE, Luís.. Diario “*A Voz de Galicia*”. Anos: 2002, 2004, 2013.

DIARIO “*A VOZ DE GALICIA*”. Anos 2007, 2008,2011, 2019

ELIADE, Mircea. *Imágenes y Símbolos*, Madrid: Ed. Taurus, 1979.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica. *Autor do mapa de localización da Capela do Ecce Homo*.

FUENTES ALENDE, Xosé.: *Os Exvotos na Relixiosidade Popular Galega. A súa dimensión patrimonial*. Santiago de Compostela: Ed. Andavira, 2019, páx. 23.

GONDAR PORTASANY, , Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros* Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO. X.M. *Os Santos titulares de parroquias en Galicia*, Santiago: Sotelo Blanco, 2012.

LADRA, Lois.: *Religiosidade Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portual): Ed. Gremio Literario Vila- Realenses. Cámara Municipal de Vila Real. Caderno Cultural nº24, IV Serie, 2021.páx. 73,

MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev.Internacional de Teología)*, nº 206, 1986, páxs.9-18.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais de Galicia, 1987, páx. 175

MOREIRAS SANTISO, Xosé. “A relixiosidade popular no sector rural”, *Rev. Encrucillada*, nº 9, Vigo, 1978, páx. 64.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín: “Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular”, en *Rev. Encrucillada*, n° 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, p.45.

PINTO, José e VIEIRA, Sandra.: *A festa de San Bento do Cando. Memoria de uma devoção serrana em terras de Soajo e Gavieira. Arcos de Valdevez (Portugal)*. Municipio de Arcos de Valdevez,, 2017.

PINTO, José,:" Rituais Constitutivos da Romaría da Senhora da Peneda. Contributo para o seu estudo”, en *Gepa*. n° 22. Terra de Valdevez. Boletín Cultural. Municipio de Arcos de Valdevez , 2018, páxs. 193-132

RIELO CARBALLO, Nicanor.: “ Vocablo: RUBIÁN, Santiago de”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, T. XXVII, Ed. Silverio Cañada. D.L.: VI. 415. 1974.

WILLIAM A, CRISTHIAN Jr .: *Religiosidad popular . Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134

VII. ILUSTRACIONES.



FOTO N°1. SANTUARIO DO ECCE HOMO (RUBIÁN) (BÓVEDA)



FOTO N°2. PETITORIO EXTERIOR.



FOTO N°3. CHARANGA MUSICAL “MADIA LEVA” (SARRIA)



FOTO N° 4. DEVOTA CON HÁBITO OFRECE UN EXVOTO DE CERA



FOTO Nº5. A MISA SOLEMNE O DÍA DA FESTIVIDADE DO ECCE HOMO



FOTO Nº6. SAÍDA DA PROCESIÓN. ECCE HOMO. DEVOTAS CON HÁBITO. CREGOS



FOTO Nº 7. ESTANDARTE E CRUZ CO CRISTO



FOTO Nº8. DEVOTOS OFRECENDO VELÓNS



FOTO Nº 9. IMAXE DO ECCE HOMO CUBERTA DE EXVOTOS DE CERA DE CARÁCTER HUMANO.

VIII. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.



***DEVOTOS LEVANDO NAS ANDAS “ FIGURAS DE CERA” REPRESENTANDO
DIVERSAS PARTES DO CORPO HUMANO. OFRENDA IMPORTANTE NO “ECCE
HOMO” DE RUBIÁN.***



DEVOTA OFRECENDO UN EXVOTO DE CERA AO ECCE HOMO



DEVOTAS NA PROCESIÓN, DESCALZAS E CO HÁBITO



ESTANDARTE DA INMACULADA, QUE PRESIDE A PROCESIÓN.



DETALLE DA PROCESIÓN